

Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007

NOTA DE PRENSA

No ano 2007 o 43,7% das mulleres ocupadas galegas considera difícil ou moi difícil conciliar a vida laboral e familiar

Conciliación laboral e familiar

Segundo os datos da “Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo” realizada polo Instituto Galego de Estatística, no ano 2007 o 43,7% das mulleres ocupadas galegas considera difícil ou moi difícil **conciliar a vida familiar e laboral**. No caso dos homes, esta porcentaxe sitúase no 39,7%. Por provincias, A Coruña e Pontevedra acadan valores superiores á media mentres que Lugo e Ourense se sitúan por debaixo da media galega.

Ocupados segundo a capacidade de compaxinar a vida familiar e laboral.

Galicia. Ano 2007

Porcentaxe

Capacidade de compaxinación	Homes	Mulleres	Total
Moi doado	8,2	6,5	7,5
Doado	52,1	49,8	51,1
Difícil	30,7	33,7	32,0
Moi difícil	9,0	10,0	9,4
Total	100	100	100

FONTE: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007

Se se teñen en conta os ocupados con fillos menores de 16 anos, a porcentaxe de ocupados que consideran difícil ou moi difícil compaxinar a vida familiar e laboral sitúase no 55,5%.

Ocupados segundo a capacidade de compaxinar a vida familiar e laboral.

Galicia. Ano 2007

Porcentaxe

Capacidade de compaxinación	Con fillos menores de 16 anos	Sen fillos menores de 16 anos	Total
Moi doado	3,6	9,1	7,5
Doado	40,9	55,7	51,1
Difícil	41,0	28,0	32,0
Moi difícil	14,5	7,2	9,4
Total	100	100	100

FONTE: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007

A situación laboral condicionalles ou condicionoulles a un 22,5% das mulleres ocupadas a súa maternidade e a un 17,0% dos homes a súa paternidade. Se se teñen en conta o conxunto dos ocupados galegos, a principal razón que condiciona a maternidade/paternidade é o salario insuficiente, seguido do horario incompatible co coidado dos nenos.

Por outra parte, preto do 60% dos asalariados consideran que no seu traballo non se preocupan suficientemente dos traballadores con cargas familiares, esta porcentaxe no ano 2001 estaba arredor do 63%.

Condicións no traballo

No ano 2007 máis da metade dos ocupados galegos **traballaban preto da casa**, a menos de 5 quilómetros. Por provincias, as porcentaxes máis altas danse en Lugo e Ourense, cun 61,4% e 60,3% de ocupados que viven a menos desta distancia. Por outra banda, a proximidade ao traballo aumenta coa idade dos ocupados, así tres de cada catro ocupados de 60 e máis anos teñen o traballo a menos de 5 quilómetros, mentres que esta porcentaxe se sitúa no 48,0% para os ocupados de 16 a 29 anos.

Ocupados segundo a distancia ao lugar do seu traballo. Ano 2007
Porcentaxe

Distancia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Menos de 1 km	23,6	37,5	34,7	23,6	26,5
Entre 1 e 5 km	28,3	23,9	25,6	32,0	28,7
Entre 5 e 15 km	22,0	14,6	11,1	18,5	18,7
Entre 15 e 50 km	18,8	17,5	21,1	21,7	19,9
Máis de 50 km	7,4	6,5	7,4	4,2	6,2
Total	100	100	100	100	100

FONTE: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007

A **duración media do traxecto** do domicilio ao lugar de traballo é de menos de 15 minutos e o **principal medio de transporte** para acudir a traballar é o coche. Dende o ano 2001 ao ano 2007 a porcentaxe de ocupados que utilizan só o coche incrementouse en case oito puntos porcentuais.

Ocupados segundo o medio de transporte utilizado para ir ao seu traballo. Galicia. Anos 2001 e 2007


Porcentaxe

Medio de transporte	2001	2007
Só coche	57,9	65,8
Só bus urbano ou interno	5,5	4,4
Só andando	31,3	24,6
Outros medios de transporte	5,4	5,3
Total	100	100

FONTE: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007

Un 8,8% dos ocupados **utiliza no seu traballo un idioma distinto do galego ou castelán**. Esta porcentaxe incrementouse dende o ano 2001, ano no cal se situaba no 6,8%. O idioma máis usado é o inglés nun 75,7% destes ocupados.

No referente aos **horarios especiais**, máis da cuarta parte dos ocupados traballa sempre os sábados, mentres que o 12,7% traballan todos os domingos. Por outra banda, o 5,6% traballaba sempre en xornada nocturna no ano 2007 e un 18,0% traballaba ocasionalmente pola noite. Por sexo, apréciase unha maior porcentaxe de homes que de mulleres que traballan pola noite.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007

Satisfacción co traballo e as súas condicións

No ano 2007 o 93,4% dos ocupados galegos estaban **satisfeitos ou moi satisfeitos co traballo**. Entre as principais razóns de satisfacción dos ocupados moi satisfeitos co traballo están “Gústalle o traballo” e “Estabilidade laboral”.

No referente á satisfacción coas **condicións de traballo**, máis de tres de cada catro ocupados galegos afirman estar satisfeitos ou moi satisfeitos, acadándose a porcentaxe de preto do 90% cando os ocupados son empresarios ou profesionais con empregados. Estas porcentaxes incrementáronse dende o ano 2001.

Ocupados segundo o grao de satisfacción co traballo. Galicia. Anos 2001 e 2007

Porcentaxe

Grao de satisfacción	2001	2007
Moi satisfeito	36,3	43,6
Satisfeito	53,5	49,9
Pouco satisfeito	10,2	6,6
Total	100	100

FONTE: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007

Ocupados segundo o grao de satisfacción coas condicións de traballo. Galicia. Anos 2001 e 2007

Porcentaxe

Grao de satisfacción	2001	2007
Moi satisfeito	10,0	11,9
Satisfeito	60,7	64,9
Indiferente	13,2	12,0
Insatisfeito	13,4	9,5
Moi insatisfeito	2,8	1,6
Total	100	100

FONTE: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007

Nunha escala de 1 a 10, o **nivel de satisfacción medio co traballo** dos ocupados galegos situouse no 7,1 no ano 2007. Este nivel de satisfacción é máis alto entre os ocupados do sector servizos e, territorialmente, nas provincias da Coruña e Ourense.

Nivel de satisfacción medio co traballo por sector de actividade. Ano 2007

Sector	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agricultura e pesca	6,8	6,1	7,2	6,5	6,6
Industria	7,1	7,1	6,8	7,0	7,0
Construción	7,3	7,3	7,0	6,4	7,0
Servizos	7,2	7,2	7,2	7,1	7,2
Total	7,2	7,0	7,1	6,9	7,1

FONTE: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007
Nota: O nivel de satisfacción varía de 1 a 10 puntos

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>